DEPUTACIÓN DE LUGO

XUNTA DE GOBERNO

SESION ORDINARIA DE CATORCE DE SETEMBRO DE DOUS MIL DEZAOITO

(ACTA NÚMERO 38)

Presidente:
D. Darío Campos Conde

Sres. Deputados:
D. Argelio Fernández Queipo
D. Pablo Rivera Capón
Dª. Mayra García Bermúdez
Dª. Mª. Del Pilar García Porto
D. Lino Rodríguez Onega
D. Eduardo Vidal Baamonde
Dª. Sonsoles López Izquierdo

Secretario:
D. Manuel Castiñeira Castiñeira

Interventora:
Dª. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **catorce de setembro de dous mil dezaoito**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. Darío Campos Conde, reúnense os Sres. Deputados á marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o Secretario-Interventor D. Manuel Castiñeira Castiñeira, e asiste a Interventora Dª. Rosa Abelleira Fernández.

Non asiste o Sr. Deputado D. Álvaro Santos Ramos.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA SETE DE SETEMBRO DE DOUS MIL DEZAOITO.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día sete de setembro de dous mil dezaoito, que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

2.- PROPOSTA RELATIVA Á PRÓRROGA DOS LOTES I (REDE MUSEÍSTICA) E LOTE II (PAZO DOS DEPORTES) DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE "VIXILANCIA NA REDE MUSEÍSTICA E NO PAZO DOS DEPORTES E SUBMINISTRO, INSTALACIÓN E MANTEMENTO DE VIDEOVIXILANCIA, DETECCIÓN DE INTRUSIÓN E PROTECCIÓN DE OBRAS DE ARTE EN DEPENDENCIAS, EDIFICIOS E RECINTOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO" EN CUMPRIMENTO DA RESOLUCIÓN 335/2017 DO TRIBUNAL CENTRAL DE RECURSOS CONTRACTUAIS.

Resultando que por acordo da Xunta de Goberno en sesión celebrada con data do 29 de decembro de 2017, foi aprobada a adxudicación da contratación por lotes do servizo de "Vixilancia na Rede Museistica e no Pazo dos Deportes e subministro, instalacion e mantemento de videovixilancia, detección de intrusión e protección de obras de arte en dependencias, edificios e recintos da Deputacion Provincial de Lugo", a favor das seguintes empresas e nas condicións que se indican a continuación.

Lote I: Vixilancia da Rede Museística.

EMPRESA	PREZO OFERTADO (SEN IVE ENGADIDO)	BOLSA DE HORAS (a maiores das mínimas obrigatorias)
Ilunion Seguridad S.A.	320.148 euros/ano	150 horas (17,71 euros/hora)

- A vixilancia física facturarase mensualmente (26.547,00 euros/mes IVE excluido).

- O gasto realizado en medios materiais, facturarase segundo se realicen ao longo da vixencia do contrato (o importe ofertado en medios materiais é de 624 euros IVE excluído).

- O servizo de acudas se facturará segundo se realicen ao longo da vixencia do exercicio, sendo como máximo 60 servicios/ano a 960 euros/ano (IVE excluído). No suposto que a vixencia do contrato sexa inferior , realizarase o correspondente prorrateo.

Lote II: Vixilancia do Pavillón dos Deportes.

EMPRESA	PREZO OFERTADO (SEN IVE ENGADIDO)	BOLSA DE HORAS (a maiores das mínimas obrigatorias)
Ilunion Seguridad S.A.	171.220 euros/ano	150 horas (19,55 euros/hora)

- A vixilancia física facturarase mensualmente (14.238,75 euros/mes IVE excluido).

- O servizo de acudas se facturará segundo se realicen ao longo da vixencia do exercicio, sendo como máximo 60 servicios/ano a 355 euros/ano (IVE excluído). No suposto que a vixencia do contrato sexa inferior, realizarase o correspondente prorrateo.

Resultando que o contrato se formalizou o día 8 de febreiro de 2018 con efectos de 15 de febreiro de 2018 para a Rede Museística, e o día 8 de febreiro de 2018 con efectos dende o mesmo día da formalización, no caso do Pazo dos Deportes.

Resultando que con data 29 de xuño de 2018 foi aprobado pola Xunta de Goberno o expediente de contratación do novo Servizo de seguridade e vixilancia nas distintas dependencias desta Excma. Deputación Provincial, publicándose o anuncio de licitación no Diario Oficial da Unión Europea o 7 de xullo de 2018.

Resultando que o prazo de presentación de proposicións rematou o 9 de agosto de 2018 e se procedeu a apertura da documentación administrativa e da oferta técnica en acto público o 7 de setembro de 2018 (sesión da mesa de contratación desa data).

Resultando que a empresa BASTET SEGURIDADTECNOLÓGICA, S.L. foi a adxudicataria da instalación para a substitución das cámaras de videovixilancia e sistema de instrusión das distintas dependencias desta Entidade Provincial, así como a actualización do software necesario para poder controlar de forma remota tanto as cámaras como as portas que están automatizadas.

Logo de ver os informes dos Servizos de Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Prorrogar o contrato orixinario ata que comece a execución do novo contrato e, en todo caso, por un período máximo de sete meses, sen modificar as restantes condicións do contrato, dende o 8 de outubro de 2018.

2º.- Ascender o importe da prórroga, calculada por un período máximo de sete meses, a 225.531,69€ (IVE incluído) para o Lote I (Rede Museística) e 120.852,76€ (IVE incluído) para o Lote II (Pazo dos Deportes), sendo a suma total de ambos lotes de 346.384,45€ de conformidade coas seguintes anualidades e segundo o seguinte desglose:

- Anualidade 2018: 136.903,94 euros.
- Anualidade 2019: 209.479,51 euros

LOTES	IMPORTE NETO PRÓRROGA MENSUAL	IMPORTE MENSUAL IVA ENGADIDO (21%)	ANUALIDADE 2018	ANUALIDADE 2019
LOTE I.REDE MUSEÍSTICA (COSTE DE PERSONAL +C.SERVICIO DE ACUDAS). **O gasto do servizo de acudas é imputable 100% ao Museo Provincial)	COSTE PERSONAL: Museo Provincial:19.804,07 Pazo de Tor:6.742,93 Total:26.547,00	COSTE PERSONAL: Museo Provincial:23.962,92 Pazo de Tor:8.158,95 Total: 32.121,87	COSTE PERSONAL: Museo Provincial:66.297,41 Pazo de Tor:22.573,10 Total:88.870,51	COSTE PERSONAL: Museo Provincial:101.443,03 Pazo de Tor:34.539,55 Total:135.982,58
	SERVICIO ACUDAS: 80	SERVICIO ACUDAS: 96,8	SERVICIO ACUDAS: 267,81	SERVICIO ACUDAS: 409,79
	TOTAL=26.627,00	TOTAL=32.218,67	TOTAL= 89.138,32	TOTAL= 136.392,37
LOTE II.PAVILLÓN DOS DEPORTES (COSTE DE PERSONAL+ C.SERVICIO DE ACUDAS).	COSTE PERSONAL:14.238,75	COSTE PERSONAL:17.228,89	COSTE PERSONAL:47.666,60	COSTE PERSONAL:72.935,63
	SERVICIO DE ACUDAS:29,58	SERVICIO DE ACUDAS:35,79	SERVICIO DE ACUDAS:99,02	SERVICIO DE ACUDAS:151,51
	TOTAL= 14.268,33	TOTAL= 17.264,68	TOTAL= 47.765,62	TOTAL= 73.087,14
TOTAL	40.895,33 euros/mes	49.483,35 euros/mes	136.903,94	209.479,51

- O servizo de acudas facturarase segundo se realicen ao longo dos 7 meses de prórroga, sendo como máximo 35 servizos.

3º.- Adquirir o compromiso por parte desta Excma. Deputación Provincial, supeditado ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2019 a cantidades anteriormente indicadas no caso de non producirse a formalización do novo contrato no exercicio 2018.

3.- PROPOSTA RELATIVA Á PRÓRROGA DOS LOTES I (PALACIO PROVINCIAL) E LOTE IV (FOGAR DE SANTA MARÍA) DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA E SEGURIDADE NAS DISTINTAS DEPENDENCIAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Resultando que por acordo da Xunta de Goberno con data 12 de setembro de 2014, foi aprobada a adxudicación da contratación do servizo de vixilancia nas dependencias do Palacio Provincial (Lote I), e no Fogar de Santa María (Lote IV), a favor das seguintes empresas e nas condicións que se indican a continuación.

LOTE I: Vixilancia no Palacio Provincial	Precio/ano sen IVE	I.V.E. (ano)	Precio euros/ano (con IVE)	Precio/4 anos (con IVE)	Nº horas/ano (Extraordinarias sen custe adicional)
Vigilancia Integrada, S.A.	187.279,02	39.328,59	226.607,61	906.430,44	800

LOTE IV: Vixilancia no Fogar de Santa María	Precio/ano sen IVE	I.V.E. (ano)	Precio euros/ano (con IVE)	Precio/4 anos (con IVE)	Nº horas/ano (Extraordinarias sen custe adicional)
Eulen Seguridad, S.A.	80.400,00	16.884,00	97.284,00	389.136,00	0

Resultando que a formalización dos contratos do servizo de vixilancia do Lote I (Palacio Provincial) e Lote IV (Fogar de Santa María) foi efectuada con data do 8 de outubro de 2014, iniciándose ás prestacións obxecto de dita contratación na mesma data.

Resultando que con data 29 de xuño de 2018 foi aprobado pola Xunta de Goberno o expediente de contratación do novo Servizo de seguridade e vixilancia nas distintas dependencias

da Deputación de Lugo, publicándose o anuncio de licitación no Diario Oficial da Unión Europea o 7 de xullo de 2018.

Resultando que a empresa BASTET SEGURIDADTECNOLÓGICA, S.L. foi a adxudicataria da instalación para a substitución das cámaras de videovixilancia e sistema de instrusión das distintas dependencias da Deputación, así como a actualización do software necesario para poder controlar de forma remota tanto as cámaras como as portas que están automatizadas.

Logo de ver os informes dos Servizos de Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Prorrogar o contrato orixinario ata que comece a execución do novo contrato e, en todo caso, por un período máximo de nove meses, sen modificar as restantes condicións do contrato, dende o 8 de outubro de 2018.

2º.- Ascender o importe da prórroga, calculada por un período máximo de nove meses a 172.865,25€ (IVE incluído) para o Lote I (Pazo Provincial) e 74.212,02€ (IVE incluído) para o Lote IV (Fogar de Santa María), sendo a suma total de ambos lotes de 247.077,27 € de conformidade coas seguintes anualidades e segundo o seguinte desglose:

- Anualidade 2018: 75.953,38 euros.
- Anualidade 2019: 171.123,89 euros.

LOTES	IMPORTE NETO PRÓRROGA MENSUAL	IMPORTE MENSUAL IVA ENGADIDO (21%)	ANUALIDADE 2018	ANUALIDADE 2019
LOTE I. PAZO PROVINCIAL	15.873,76	19.207,25	53.140,06	119.725,19
LOTE IV. FOGAR DE SANTA MARÍA.	6.814,69	8.245,78	22.813,32	51.398,70
TOTAL	22.688,45	27.453,03	75.953,38	171.123,89

3º.- Adquirir esta Excma. Deputación Provincial o compromiso, supeditado ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2019 a cantidades anteriormente indicadas no caso de non producirse a formalización do novo contrato no exercicio 2018, sen prexuízo de que os prezos indicados no apartado precedente poidan ser susceptibles de regularización segundo o convenio de seguridade privada actualizado para o 2018, previa solicitude de revisión de prezos polas empresas adxudicatarias e segundo o disposto na cláusula 7 "Revisión de prezos" do PCAP.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DOS SISTEMAS DE VIDEOVIXILANCIA, CONTROL DE ACCESOS E DETECCIÓN DE INTRUSIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver o expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación do servizo de mantemento dos sistemas de videovixilancia, control de accesos e detección de intrusión desta Excma. Deputación Provincial.

Resultando que o Prego de Condicións elaborado para disciplinar a licitación e o contrato recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Recolle, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

Tendo en conta os informes dos Servizos de Contratación e Fomento, da Unidade de Portería e Vixilancia, e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar a contratación a do servizo de mantemento dos sistemas de videovixilancia, control de accesos e detección de intrusión desta Excma. Deputación Provincial.

2º.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e Prescricións Técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior.

3º.- Aprobar o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP, e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP, dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante desta Excma. Deputación Provincial (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es) e demais publicacións obrigatorias.

4º.- Aprobar o orzamento de licitación, que ascende a 48.060,26 € (dous anos) aos que se aplicará un IVE do 21%, 10.096,66 €, o que fai un total de 58.152,92 €.

Para financiar as obrigas que se deriven da presente contratación existe, consignación do orzamento de gastos do 2018, pola cantidade de 5.411,45 € para a anualidade 2018.

A Deputación debe adquirir o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos a anualidade 2019 a cantidade 29.076,46 € e 23.665,01 € na anualidade 2020.

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual os devanditos gastos financiaranse conforme ao disposto no artigo 174 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓNS DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- *Convenio interadministrativo entre esta Excma. Deputación Provincial e o Concello de A Pontenova para a execución de fins comúns consistentes en: "Mellora da rede viaria en Vilameá, acondicionamento no campo da festa de Santo Estevo e cuberta para campo de bolos".*

Resultando que D. Francisco Martínez Bermúdez, Segundo Tenente de Alcalde do Concello de A Pontenova achega escrito de solicitude de relación interadministrativa (público-público) de data 4 de setembro de 2018, e posterior aclaración, ao que acompaña declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, da Seguridade Social e da Facenda Autonómica impostas polas disposicións vixentes así como de non ter débedas con esta Deputación en período executivo e memorias para a realización conxunta polo Concello de A Pontenova e esta Excma. Deputación Provincial, das actuacións de: "Mellora da rede viaria en Vilameá, acondicionamento no campo da festa de Santo Estevo e cuberta para campo de bolos", nas que conflúen os respectivos títulos competenciais, para satisfacer demandas veciñais de xeito eficiente. Na memoria explícanse os fins e obxectivos perseguidos con cada un dos investimentos que se articulan neste Convenio.

Logo de ver o expediente administrativo relativo a este Convenio que ten por obxecto establecer as bases da relación interadministrativa entre o Concello de A Pontenova e esta Excma. Deputación Provincial en exercicio dunha competencia compartida, para acadar o obxectivo de executar os fins comúns anteriormente mentados, non constituíndo prestacións propias dos contratos, regulados na lexislación de contratos do sector público ou en normas administrativas especiais, para o que se comprometen a realizar os seguintes investimentos:

INVESTIMENTO:	ACHEGA DEPUTACIÓN
MELLORA DA REDE VIARIA EN VILAMEÁ	42.362,09€
ACONDICIONAMENTO NO CAMPO DA FESTA DE SANTO ESTEVO	43.938,46€
CUBERTA PARA CAMPO DE BOLOS	21.078,19€
SUB-TOTAL	107.378,74 €

O Concello de A Pontenova achegará os proxectos técnicos; e no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das obras, segundo proceda legalmente, así mesmo encargarase da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran normativamente. O Concello aportará tódolos terreos precisos, permisos e autorizacións das obras ou actuacións, para a súa correcta execución e financiará o importe que reste, e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común, e de interese público, perseguido; comprometéndose a recibir a obra, mantela e dar o servizo á veciñanza.

Tendo en conta que para a consecución do fin común perseguido por ambas administracións, sen vocación de mercado, que é a dotación aos veciños do Concello de A Pontenova, da Provincia e da cidadanía en xeral das actuacións sinaladas, establécese esta relación bilateral de colaboración e cooperación guiadas unicamente por consideracións de interese público, nas que se inclúe a seguinte previsión de financiamento e compromisos:

ANUALIDADE	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
2018	107.378,74€

Concello de A Pontenova: As obrigas de facer e no seu caso achegas relacionadas no Convenio interadministrativo.

Tendo en conta os informes dos Servizos de Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar o texto do Convenio interadministrativo a subscribir entre esta Excma. Deputación Provincial e o Concello de A Pontenova coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de "Mellora da rede viaria en Vilameá, acondicionamento no campo da festa de Santo Estevo e cuberta para campo de bolos", cun orzamento total de 107.378,74 euros.

2º.- Aprobar o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no Convenio, que ascende á contía máxima de 107.378,74 €, con cargo ao vixente orzamento xeral desta Entidade Provincial para a anualidade 2018.

Segundo.- *Modificación do Convenio interadministrativo entre esta Excma. Deputación Provincial e o Concello de Ribadeo para a execución de fins comúns consistentes en: "Acondicionamento e urbanización da Avenida da Ria de Ribadeo".*

Resultando que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada con data 27 de outubro de 2017, foi aprobado o Convenio interadministrativo entre esta Excma. Deputación Provincial e o Concello de Ribadeo, coa finalidade común de colaborar para a execución de fins

comúns consistentes en: "Acondicionamento e urbanización da Avenida da Ria de Ribadeo". O devandito Convenio foi asinado con data 21 de decembro de 2017.

Resultando que Don Fernando Suárez Barcia, Alcalde do Concello de Ribadeo, achega escritos con data 5 de setembro de 2018, a través dos que manifesta:

.- Que na adxudicación da obra de "Acondicionamento e urbanización da Avenida da Ria de Ribadeo", cun orzamento inicial de 512.300,39 € e sendo o orzamento de adxudicación de 383.524,02 €, se produciu unha baixa e tendo en conta o establecido na cláusula terceira do convenio asinado, solicita "*...que os remanentes xerados na licitación se poida reducir a cantidade estipulada polo Concello, quedando as aportacións: Deputación de Lugo: 380.669,50€ e Concello de Ribadeo 2.854,52€.*

.- Por mor da entrada en vigor da Lei 9/2017, produciuse un retraso no procedemento e licitación ... polo que solicita unha ampliación de prazo para executar as obras ata o 30 de novembro de 2018, co compromiso de achegar a xustificación do devandito convenio antes do 10 de decembro de 2018.

Tendo en conta os informes dos Servizos de Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Aprobar a modificación ao Convenio interadministrativo entre esta Excma. Deputación Provincial e o Concello de Ribadeo para a execución de fins comúns consistentes en: "Acondicionamento e urbanización da Avenida da Ria de Ribadeo", de tal xeito que:

A baixa producida na licitación da obra "Acondicionamento e urbanización da Avenida da Ria de Ribadeo", se destine a minorar a aportación municipal, quedando as aportacións do seguinte xeito:

INVESTIMENTO:	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
Acondicionamento E Urbanización Da Avenida Da Ria De Ribadeo.	Anualidade 2017: 260.000,00€ Anualidade 2018: 120.669,50€	Anualidade 2017: 0,00€ Anualidade 2018: 2.854,52€
Total (2017 + 2018)	380.669,50€	2.854,52€

Se amplíe ata o 30 de novembro de 2018 o prazo para executar as actuacións incluídas no Convenio, co compromiso de achegar a xustificación do mesmo antes do 10 de decembro

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE GASTO REFERENTE A SERVIZOS E/OU SUBMINISTRACIÓNS DE MATERIAL NON INVENTARIABLE.

Examinadas as facturas remitidas pola Intervención Xeral relacionadas cos gastos ocasionados pola prestación de diversos servizos prestados a esta administración cuxos conceptos e importes que de seguido se detallan:

ACREDORES	Nº FACTURA	DATA EMISIÓN	IMPORTE FACTURA	CONCEPTO
EULEN SEGURIDAD, S.A	0835712	30/11/17	6.715,50 €	Vixilancia no Pazo de Tor (Monforte de Lemos – Lugo), no mes de novembro do 2017.
EULEN SEGURIDAD, S.A	0839342	31/12/17	6.715,50 €	Vixilancia no Pazo de Tor (Monforte de Lemos – Lugo), no mes de decembro do 2017.
EULEN SEGURIDAD, S.A.	0842336	31/01/18	6.715,50 €	Vixilancia no Pazo de Tor (Monforte de Lemos – Lugo), no mes de xaneiro do 2018.
TOTAL			20.146,50 €	

Logo de ver que xunto coas facturas constan:

a) As propias facturas con Rexistro de Entrada de Facturas e con dilixencia de que os servizos están realizados, precisando o conforme coa cantidade e o prezo, e á súa vez, conformadas as facturas polo Deputado Delegado.

b) Declaración responsable da entidade que presenta as facturas, de que ten plena capacidade de obrar e a habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, que non se atopa incursa na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e con esta Deputación, e de atoparse de alta no I.A.E. nunha

actividade acorde ás prestacións, así como que as prestacións desenvolvidas están comprendidas dentro dos fins obxecto ou ámbito da súa actividade.

c) Memorias xustificativas explicitando as razóns polas que se incumpriu o procedemento administrativo, emitidas polo Xefe da Unidade de Vixilancia e Portería.

Asemade, incorpórase ao expediente destas facturas, documentación xustificativa do abono das correspondentes nóminas por parte de Eulen Seguridad, S.A., así como do cumprimento das obrigas por parte de dita empresa coa Seguridade Social e coa Axencia Tributaria, e informes tanto do empregado público encargado da vixilancia e portería, como deste Servizo, en canto ao cumprimento das melloras ofertadas na contratación de que trae causa esta facturación (contrato do servizo de vixilancia e seguridade do Pazo de Tor, incluídas as de carácter social.

As demoras producidas na adxudicación destes servizos, por fin ultimada na actualidade, resulta imputable ás dificultades propias dun procedemento garantista na licitación e na adxudicación; a solicitude de informes a órganos consultivos e tamén da interposición de varios recursos especiais en materia de contratación, ata que o último foi inadmitido.

Xa que existe unha prestación que resulta necesaria e útil para a administración provincial que ademais se aproveita ou fai uso da mesma, debe existir unha correlativa compensación da administración que a recibe. A necesidade e idoneidade desa prestación debémola entender inmanente ao expediente contractual previamente existente, pero cuxo prazo de duración estaría vencido e mesmo ao contrato menor tramitado e aprobado, lembrando que os actos administrativos emitidos na tramitación dese expediente contractual gozan da presunción de validez (Artigo 39 da Lei 39/2015, do 1 de outubro) en tanto non mudasen os presupostos da existencia daquelas prestacións contractuais recíprocas. E tamén a licitación de ditos servizos xa adxudicados, confirman a necesidade e idoneidade desas prestacións.

As bases de execución orzamentaria para o exercicio 2018, establecen que no tocante ás facturas correspondentes á vixilancia do Pazo de Tor nos meses de novembro e decembro do 2017 (Nº 0835712 e Nº 0839342): A Base 4ª letra f) “Réxime xeral dos créditos e fondo de

continxencia", ao referirse á posibilidade de aplicar aos créditos do orzamento vixente, no momento do recoñecemento de obrigas, aínda que procedan de exercicios anteriores, citan entre outras, "as obrigas procedentes de exercicios anteriores a que se refire o artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990…", aplicando por analoxía esta determinación aínda que non se trate desta figura ao existir consignación orzamentaria, tanto no exercicio en que efectivamente se realizaron as prestacións, como no vixente; e no tocante á factura correspondente á vixilancia do Pazo de Tor durante o mes de xaneiro do 2018 (Nº 0842336), a Base 20 no seu apartado 2 establece que poden ser obxecto de validación, cos requisitos documentais establecidos no apartado 1º desa mesma base, os gastos realizados no exercicio corrente prescindindo do procedemento establecido tanto en relación coa súa tramitación administrativa como cos aspectos orzamentarios de execución do gasto.

Logo de ver os informes dos Servizos de Contratación e Fomento, da Unidade de Portería e Vixilancia e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Validar as prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de servizos, recoñecer as obrigas e o pagamento das facturas relacionadas (Nº 0835712 de data 30/11/17, Nº 0839342 de data 31/12/17 e Nº 0842336 de data 31/01/18; emitidas por Eulen Seguridad, S.A.), de vixilancia do Pazo de Tor (Monforte de Lemos – Lugo), correspondentes aos meses de novembro e decembro do 2017 e xaneiro do 2018.

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONCESIÓN, A INSTANCIAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, DE PREMIOS ECONÓMICOS A CLUB VOLEIBOL EMEVE, PORTA XI, ENSINO CB, CB BREOGÁN SAD E CRISTIAN ISAAC TORO CARBALLO, CON MOTIVO DOS SEUS ÉXITOS DEPORTIVOS E RESPECTIVOS ASCENSOS ÁS MÁXIMAS CATEGORÍAS ESTATAIS.

Logo de ver o expediente relativo á aprobación da concesión, a instancia desta Deputación Provincial de premios económicos ao Club Voleibol Emeve, Porta XI, Ensino C.B., C.B. Breogán SAD e Cristián Isaac Toro Carballo, con motivo dos seus éxitos deportivos e respectivos ascensos ás máximas categorías estatais.

Tendo en conta os informes dos Servizos de Secretaría Xeral, Deporte, así como a proposta Sr. Deputado Delegado de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade a Deporte, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar o gasto e concederlle aos clubs e entidades deportivas reflectidas un premio económico polos importes que a seguir se indican, polos méritos e éxitos deportivos logrados, nomeadamente a consecución do ascenso na temporada 2017-2018, ás respectivas máximas categorías estatais das súas disciplinas deportivas.

EQUIPO DEPORTIVO	MÉRITO DEPORTIVO	DISCIPLINA DEPORTIVA	IMPORTE DO PREMIO ECONÓMICO
CLUB VOLEIBOL EMEVE	ASCENSO A SUPERLIGA IBERDROLA FEMININA (SUBCAMPIÓN DA COPA PRINCESA)	VOLEIBOL FEMININO	25.000,00
PORTA XI ENSINO CB	ASCENSO Á LIGA DIA (LF1)	BALONCESTO FEMININO	25.000,00
CB BREOGÁN SAD	ASCENSO Á LIGA ENDESA (ACB)	BALONCESTO MASCULINO	50.000,00

2º.- Aprobar o gasto e concederlle ao deportista individual Cristian Isaac Toro Carballo un premio económico por importe de 5.000,00 euros (cinco mil euros) polos méritos deportivos logrados, nomeadamente a consecución do campionato olímpico e medalla de ouro nas olimpíadas 2016 e os campionatos e subcampionatos do mundo 2017 e campionato europeo 2018, na disciplina de piragüismo na modalidade de augas tranquilas.

MÉRITO DEPORTIVO	DISCIPLINA DEPORTIVA	IMPORTE DO PREMIO ECONÓMICO
MEDALLA DE OURO Olimpíadas RÍO DE XANEIRO (2016) CAMPIONATO DO MUNDO (2º) (2017) CAMPIONATO DO MUNDO (2º) (2017) CAMPIONATO EUROPEO (1º) (2018) CAMPIONATO EUROPEO (1º) (2018)	K200 M K200M K4500M K200M K4500M	5.000,00

3º.- Recoñecer o pagamento a CLUB VOLEIVOL EMEVE, PORTA XI ENSINO CB, CB BREOGÁN SAD e CRISTIAN ISAAC TORO CARBALLO dos referidos premios polos importes reflectidos.

8.- PROPOSTA DE CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NO TEXTO DE TIPO DE ACCIÓN NA LISTAXE DA PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS E ASOCIACIÓNS SEN ÁNIMO DE LUCRO DA PROVINCIA DE LUGO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA ARTESANÍA NA ANUALIDADE 2017, APROBADA POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO EN SESIÓN CELEBRADA O 29 DE DECEMBRO DE 2017.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Turismo e Cultura, na que manifesta que se produciu erro material na proposta presentada por dita Área para ser aprobada pola Xunta de Goberno en sesión celebrada o 29 de decembro de 2017, cuxo extracto da convocatoria se publicou no BOP nº 184 de data 11 de agosto de 2017, relativo ao texto de tipo de acción na listaxe de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas e asociacións sen ánimo de lucro, da provincia de Lugo para a realización de actividades de promoción da artesanía na anualidade 2017.

Tendo en conta que dito erro non afecta nin á valoración individual nin global dos proxectos presentados, nin en consecuencia aos importes concedidos, propoñendo a súa corrección. A Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Corrixir o erro sinalado no seguinte sentido:

Onde di:

ENTIDADE	ACTIVIDADE	TIPO	SUBVENCIÓN
A. AS ENCAIXEIRAS	ENCONTRO PALILLEIRAS	CURSO/DEMOSTRACIÓN	565
A.C. AMIGOS DO FOLIÓN	RECUP. POSTA EN VALOR TRAD. DOS CARROS	CURSO/DEMOSTRACIÓN	830

Debe dicir:

ENTIDADE	ACTIVIDADE	TIPO	SUBVENCIÓN
A. AS ENCAIXEIRAS	ENCONTRO PALILLEIRAS	EVENTO	565
A.C. AMIGOS DO FOLIÓN	RECUP. POSTA EN VALOR TRAD. DOS CARROS	EVENTO	830

2º.- Publicar a corrección de erro no BOP.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIA DE SUBVENCIÓN DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA ARTESANÍA NA ANUALIDADE 2017.

Logo de ver os expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas no procedemento de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións a entidades asociativas e asociacións sen ánimo de lucro, da provincia de Lugo, para a realización de actividades de promoción da artesanía na anualidade 2017, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, en sesión celebrada o día 15 de decembro de 2017; e vista a renuncia presentada polo beneficiario que se indica a continuación, así como o informe do Centrad, e a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Turismo e Cultura, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Aceptar a renuncia presentada polo beneficiario que a continuación se relaciona polo importe que así mesmo se indica:

NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	SUBVENCIÓN
O GARABULLO DE CARBALLEDO	Curso de Corozas	795,00€

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIAS DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ACTIVIDADES DEPORTIVAS.

Logo de ver os expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, a proposta da

Mesa Técnica, na sesión do día 29 de decembro de 2017, onde se resolveu o concurso convocado, mediante o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 184, do venres 11 de agosto de 2017, para a concesión de subvencións destinadas á entidades de actividades deportivas; e vistas as renuncias presentadas polos beneficiarios que se indican a continuación, así como os informes do Servizo de Deportes, e a proposta do Sr. Deputado Delegado de Deportes, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Aceptar a renuncia presentada polo beneficiario que a continuación se relaciona polo importe que así mesmo se indica:

NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	SUBVENCIÓN
CLUB FELISA EQUINO MARCELLE	HIPICA	4.000,00

11.- PROPOSTA DE XUBILACIÓN FORZOSA POR IDADE DUNHA TRABALLADORA DO CADRO DE PERSOAL LABORAL.

Logo de ver que Dona Rosa Canto Reboredo, presentou solicitude de xubilación, rexistrada o día 9 de xullo de 2018.

Resultando que a citada traballadora solicitara a prolongación no servizo activo con data 24 de maio de 2013, aprobada por acordo da Xunta de Goberno o día 16 de agosto de 2013, prorrogándose anualmente, a petición da interesada e aprobada por acordos da Xunta de Goberno de datas 5 de setembro de 2014, 25 de setembro de 2015, 3 de xuño de 2016 e 18 de agosto de 2017.

Polo anteriormente exposto, tendo en conta os informes dos Servizos desta Deputación, así como a proposta do Sr. Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Declarar a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida, da traballadora do Cadro de Persoal Laboral, D.ª Rosa Canto Reboredo, con efectividade do día 26 de setembro de 2018, data na que se extingue a súa relación laboral con esta Entidade.

12.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

A S U N T O S D E U R X E N C I A

Fóra da Orde do Día, e previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptouse o seguinte acordo:

Proposta de ampliación do prazo de solicitude das subvencións en réxime de concorrencia competitiva, dentro do Programa de Apoio ao Sector Agrogandeiro na provincia de Lugo.

Resultando que a Xunta de Goberno en sesión do día 10 de agosto de 2018 prestou aprobación ás bases e convocatoria que rexen a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, do programa de apoio ao sector agrogandeiro na provincia de Lugo, ano 2018, "Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros".

Resultando que as bases e a convocatoria foron publicadas no BOP nº 190 de 20 de agosto de 2018, establecéndose un prazo de solicitude de 20 días hábiles a partir do día seguinte da publicación.

Tendo en conta que as solicitudes presentadas ata a data non esgotan o crédito orzamentario dispoñible e, atendendo á elevada demanda que se ten producido en convocatorias anteriores; logo de ver o informe do Servizo de Cooperación e Asistencia aos Concellos, así como a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos e Medio Ambiente, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Ampliar o prazo de presentación de solicitudes establecido na base 8 das reguladoras da mencionada convocatoria, ata o 28 de setembro de 2018.

13.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e corenta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.